



<u>Acta número:</u> 2	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 21.01.2013	<u>Carácter:</u> Extraordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 13:04

Asistentes

Presidente: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D^a María dos Anxos Riveiro Portela
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo
D^a María do Carme Fouces Díaz
D. Raimundo González Carballo
D. Vicente Garcia Legísima
D^a María Carmen da Silva Méndez
D. Xosé Luis Bara Torres
D. Demetrio Gómez Xunqueira
D^a María do Pilar Comesaña Hermida
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño
D. Jacobo Moreira Ferro
D^a María José Rodríguez Teso
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a Beatriz García Riestra
D^a María Biempica Ortiz
D. Pablo Fernández López
D. César Alberto Abal González
D. Antonio Louro Goyanes
D. Agustin Fernández González
D^a Carlota del Carmen Román García

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: D^a Blanca Vega Lorenzo

Non asisten: D^a María Celia Soto Espiña, D. José Manuel Guillan Pardavila e D^a Begoña Laya Iglesias.

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde-Presidente**, declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA:

ASUNTO ÚNICO.- HONORES E DISTINCIÓNS: ENTREGA DOS PREMIOS CIDADE DE PONTEVEDRA NAS SÚAS DÚAS MODALIDADES: A) PERSOA

FÍSICA E B) PERSOA XURÍDICA, ASOCIACIÓN OU COLECTIVO.

Sr. Alcalde-Presidente: Bos días a todas e a todos e benvidos a este Pleno de honra onde entregamos os premios Cidade de Pontevedra 2012.

Ten a palabra o Sr. Secretario do Pleno que vai a ler a acta de concesión.

Sr. Secretario: Bos días.

O Pleno do Excelentísimo Concello de Pontevedra, por unanimidade, na súa sesión ordinaria celebrada o día de hoxe, adoptou o acordo, de conformidade co ditame da Comisión delegada, de aprobar a proposta do Xurado Cualificador e, polo tanto, conceder os premios Cidade de Pontevedra 2012 ás seguintes candidaturas:

“Persoa física.- A don David Cal Figueroa, polo esforzo, dedicación e compromiso amosados no eido deportivo, que o converten no deportista galego con máis medallas olímpicas e o máis recoñecido a nivel internacional.”

A continuación o **Sr. Alcalde-Presidente** procede á entrega a don David Cal Figueroa dun diploma conmemorativo da distinción outorgada.

Continúa o **Sr. Secretario** coa lectura do acordo adoptado polo Pleno do Concello:

“Persoa Xurídica.- A Hifas da Terra, por ser unha empresa de referencia no aproveitamento dos recursos autóctonos, na investigación biotecnolóxica aplicada no eido da micoloxía, e polo seu constante labor de innovación no campo da biomedicina.”

Seguidamente o **Sr. Alcalde-Presidente** procede á entrega a dona Catalina Fernández de Ana Portela dun diploma conmemorativo da distinción outorgada.

Sr. Alcalde-Presidente: Ten a palabra don David Cal Figueroa.

Sr. David Cal Figueroa: Buenos días.

Como ya sabéis, aunque yo no soy pontevedrés de nacimiento sí lo soy de adopción. Con 15 años vine a esta ciudad en busca de un sueño, de mejorar en el plano deportivo y, a día de hoy, mi sueño se ha cumplido hasta cinco veces y esta ciudad me ha aportado mucho en mi carrera deportiva.

Lo cierto es que me siento orgulloso de que en una ciudad a la que me siento vinculado se me conceda este premio, muchas gracias por ello.

Muchas gracias a todos.

Sr. Alcalde-Presidente: Ten a palabra dona Catalina Fernández de Ana Portela.

Sra. Catalina Fernández de Ana Portela: Excelentísimo Señor Alcalde, autoridades, ben queridos amigos. Hoxe recoñécese a traxectoria da nosa empresa cun galardón moi importante para nós: o premio Cidade de Pontevedra.

Hifas da Terra comezou a súa andaina no ano 1998, este ano cumpre 15 anos. O noso obxectivo: traballar con cogumelos nas súas diversas facetas. Comezamos nun momento no que, para a meirande parte da xente, falar de cogumelos era falar de



pan de cobra ou de pan do demo. Aínda que xa foran outras as persoas, como don Antonio Odriozola, don Carlos Valencia ou don Francisco Fernández de Ana Magán, o meu pai, os grandes micólogos que dera Pontevedra e que xa traballaran na divulgación e investigación destes maravillosos seres. Aínda así e todo, atopámonos de fronte co reto de por en valor un dos grandes tesouros que a natureza nos regala e do que Galicia é rica.

Comezamos producindo cogumelos, asistindo a feiras, explicando como se cultivan os cogumelos; demos cursos de micoloxía nos distintos concellos ensinando a recoñecelos, recollelos e degustalos.

No ano 2004 comezamos a nosa andaina en proxectos de I+D coa creación do viveiro de castiñeiros resistentes á enfermidade da tinta, micorrizados con boletus, un reto difícil de levar a cabo pero que cos anos logramos establecer en Hifas o gran viveiro de planta de castiñeiro resistente á tinta, enxertada coas mellores variedades de castañas e productora de boletus edulis.

No ano 2006, despois de oito anos de investigación e inversións constantes, chegaba o primeiro ano con números positivos no balance anual, déronnos, incluso, o premio ao embelecemento rural de Galicia; o día 6 de agosto, cando nos íamos por primeira vez de vacacións e oito anos, ardeu o viveiro, as producións de cogumelos e todo o maravilloso souto de Hifas da Terra pola vaga de lumes forestais. Esta desastre valeunos unhas enormes perdas, reflexións e restruturacións o que nos obrigou a renacer creando novas liñas de traballo e de investigación investindo en novos proxectos de I+D. Desenvolvemos novas técnicas de cultivo, experimentamos novos substratos, traballamos para aproveitar materia prima natural dos nosos bosques para que non ardan máis, melloramos a imaxe dos produtos e creamos unha potente páxina web que hoxe xa conquira as 1.300 visitas diarias directas dende todo o mundo.

O noso departamento de medio ambiente levou a cabo a restauración vexetal de importantes obras, da man de grandes arquitectos como César Portela, na illa de san Simón e san Antón, Pazo Baión ou a fortaleza de A Guarda, entre outras. En colaboración cos mellores médicos especializados en micoterapia de Eupora, desenvolvemos unha liña de complementos nutricionais e dermocosmética a base de cogumelos que hoxe se venden en sete países.

No 2011 creamos a maior base de coñecemento mundial sobre as propiedades terapéuticas dos fungos, conxuntamente co Instituto Internacional de Micoterapia, o que supón a formación en terapias con fungos para persoal sanitario online, coa creación dun departamento de bioquímica clínica de asesoramento médico internacional.

Creamos tamén unha liña de produtos gourmet a base de cogumelos, e a liña micogarden de kits para cultivar cogumelos na casa, coa que toda España cultiva cogumelos de Hifas da Terra. Este xuño estivemos nas olimpíadas, porque un cocinheiro italiano, Lorenzo Cogo, elaborou un prato enerxizante antidoping, específico para os olimpistas, chamado “il raviolo olímpico”, o seu segredo era que levaba extractos dos nosos cogumelos e ía ser presentado en Londres. Estando alí veíamos as competicións pola televisión, porque era imposible atopar entradas, como dicía David, que hasta lle foi difícil a el para a súa familia, e un día, vendo a competición de remo, por casualidade, lles comentei aos nosos distribuidores italianos: “pois nós temos en Pontevedra a un dos maiores deportistas de remo do mundo”, ao que me respostaron: “non, se ao final xa o sabemos: Cristobal Colón era

de Pontevedra, os mellores cogumelos do mundo son de Pontevedra e, agora, ata as medallas de ouro vai ir a Pontevedra”, e así foi, meu dito meu feito, vimos todos como David Cal entraba de primeiro co noso gran orgullo patrio, por suposto, e, casualidades da vida, hoxe exactamente a esta mesma hora está en Madrid Fusión o mesmo cociñeiro presentando un prato que leva como compoñente estrela os nosos cogumelos, e eu estou aquí con vós e co gran David.

O meu maior mérito, dentro da estrutura de Hifas da Terra, foi o de ter so soño, o ter a ilusión e a forza de transmitirlo e involucrar ao longo do tempo a un magnífico equipo de profesionais.

Hifas da Terra é produto dunha vida e unha familia, a familia Fernández de Ana Portela Sinde, onde cada un aportou o seu enorme grao de arena. A investigación, como forma de comprender a vida, a internacionalidade, a enorme importancia do deseño para transmitir a verdadeira potencialidade, a creación dunha liña de complemento e moda de Hifas da Terra, o amor a nosa terriña, a capacidade de traballo incansable, a comprensión e o amor incondicionais ata dos máis pequenos da nosa familia, Nuno e Lucas, para permitirnos que a adicación e as obrigas da nosa filla, Hifas, estean sempre presentes. Á familia súmase o traballo, coñecemento e ilusión de toda a nosa xente, que oferta día a día o mellor de si para facer que, aínda nun tempo e cun entorno económico inclemente, Hifas da Terra siga a medrar ano a ano.

O premio Cidade de Pontevedra supón para nós un recoñecemento dos máis importante, o dos nosos veciños, á nosa vida, a todo o noso esforzo. Para todas as persoas que compoñemos esta emocionante empresa supón un enorme pulo de enerxía. Gracias.

Sr. Alcalde-Presidente: Queridos premiados, membros do xurado dos premios Cidade de Pontevedra, queridos representante da cidadanía de Pontevedra, autoridades e representacións convidadas, amigas e amigos, un ano máis cumprimos con esta fiel tradición de honrar, no día de san Sebastián, a quen durante o ano anterior fixo méritos para entrar, con toda solemnidade, na nómina de persoeiros que conforman o retablo máis ilustre deste municipio.

Grazas ao seu esforzo, en cadanseu ámbito, David Cal e a empresa Hifas da Terra fixeron que a capital se fixese máis orgullosa de si mesma e proxectase a súa imaxe máis aló das súas nobres rúas e prazas con éxitos que queremos apoiar explicitamente co mellor que temos, este premio, que resume toda a enerxía que Pontevedra transmite aos fillos máis queridos.

Ademais dos aquí presentes, quero agradecer o seu traballo ás persoas que presentaron as candidaturas e tamén felicitar, moi expresamente, a don Eugenio Giráldez e aos membros do banco de alimentos, por estaren nominados e seren, tamén, merecentes deste galardón.

E como de recoñecementos falamos, permítanme compartir con todos vostedes a elección da nosa cidade como modelo europeo de mobilidade peonil que supón o premio Intermodes 2013 que, en apenas dúas semanas, se nos entregará na histórica cidade de Bruselas por traballarmos a reo na espléndida misión de entregar a cidade ás máquinas máis perfectas do universo, as persoas, e á súa maneira natural, pacífica, cómoda, axeitada e sinxela de trasladarse, a pé, utilizando a súa propia enerxía. Esta recoñecemento europeo é un recoñecemento a todos vostedes, a todas e todos os que cada día gozamos dunha cidade en proceso de reconciliación



co medio natural, que medra na vangarda dos espazos europeos máis avanzados e que demostra que con vontade colectiva é posible o cambio ou ir cambiando as cousas para conseguir un mundo mellor. Tempo haberá de celebrar este premio concedido á cidade.

Centrémonos hoxe, como non podía ser doutro xeito, nas dúas persoas que comparten con nós este escenario e viven este fermoso recoñecemento. Os dous protagonistas dos premios Cidade de Pontevedra comparten unha palabra, un concepto que os define: esforzo, esforzo, abnegación e dedicación á actividade deportiva e á empresarial, que teñen máis magnitudes en común das que puidera pensarse, especialmente si se realizan en contornos competitivos de máxima esixencia, como é o caso dos nosos premiados.

David Cal, un dos deportistas bandeira do no país, a quen vemos adestrar sen respiro nun Lérez recuperado, encabeza o ranking do medalleiro olímpico do estado español e é todo un símbolo da Galiza, un país que é quen de conquistar as máis altas metas que se propón. Grazas ao noso veciño, que ademais estivo a piques de formar parte desta Corporación, Pontevedra volve a situarse como a cidade integradora de toda a forza dunha comarca con límites indefinidos e que proxecta a súa dimensión en O Salnés, O Morrazo e os concellos do interior, tan presentes tamén na nosa vida colectiva. O nome de David Cal, que fixo un memorabilísimo papel nos pasados xogos olímpicos de Londres, xunto a Tamara Echegoyen, Xabier Gómez Noya, Teresa Portela, Gustavo Nieves, Juan Antonio Saavedra e Pablo Cimadevila, e tamén, por suposto, xunto a Bea Gómez que tamén ostenta o premio Cidade de Pontevedra. Unha morea de grandes deportistas que fixeron de Pontevedra, tanto por participación como por triunfos, unha das grandes cidades protagonistas do deporte olímpico, vocación que dende o Concello queremos respaldar ao máximo con realismo pero tamén co entusiasmo que necesitamos e que en cada momento tratamos de transmitirvos. Gustaríame, querido David, que este premio significase para ti o amor que Pontevedra che expresa e toda a vontade que temos de que esta cidade continúe a ser a túa casa, que actúes sempre como o seu embaixador permanente e que sintas por ela o mesmo orgullo que nós sentimos por ti.

Tamén esforzo e dedicación son palabras acaidas para entregar un premio como este a Hifas da Terra, unha empresa que resume como poucas os procesos de investigación e desenvolvemento que caracterizan a unhas cantas empresas da capital, que fan fronte á dramática situación global con intelixencia, con arroxo e con decisión.

Da man de dona Catalina Fernández de Ana Portela, que hoxe nos acompaña, esta empresa fixo algo ben sinxelo pero que parece que nos costa moito facer aos galegos e galegas: crer no noso país para extraer del, con respecto e a maior delicadeza, produtos que nos permitan vivir mellor; esta simple máxima de mirar con intelixencia e amabilidade ao noso contorno para proxectar nel os nosos coñecementos e buscar un lugar para medrar, entre os pregues dos difíciles mercados globais, foi o que mereceu a nosa atención sobre Hifas da Terra. Unha empresa biotecnolóxica que, partindo da súa propiedade forestal en Bora, foi investigando e experimentando no mundo da micoloxía ata chegar a ser unha das grandes referencias para o desenvolvemento e a explotación ecolóxica e sustentable do monte galego, a partir de especies de alta calidade que permiten cultivar produtos como os cogumelos de alto valor de mercado, cando se tratan coa debida profesionalidade.

Precisamente, o desenvolvemento de produtos derivados dos cogumelos conforma unha das innovadoras dimensións de Hifas da Terra que sitúa no mercado múltiples referencias de base micolóxica como xaropes, xabóns, setas, meles, chocolates, un amplo catálogo de complementos nutritivos, cremas para a pel, kits de autoprodución de setas, sementes para micorrización de bosques, árbores micorrizadas, cursos para divulgar a cultura da produción micolóxica...en definitiva, un auténtico rosario de interesantes produtos cheos de beneficios e de amplo percorrido no mercado. Investigación, formación, amor ás árbores e ao bosque, innovación e sentido da ecoloxía, son as dimensións que deberan ter o prototipo de empresas que precisa o sector primario galego da que Hifas da Terra é unha auténtica precursora e que a fai merecente deste premio que resume o respaldo da cidadanía pontevedresa á superación, á intelixencia e a un perfil empresarial que este país necesita como respirar.

En fin, amigas e amigos, dous memorables premios ou premiados que nos axudarán a lembrar que por moi fortes que sexan os golpes que nos da o mundo, veñan estes dos recortes que impoñen os gobernos, veñan dos mercados financeiros, veñan da globalización dos negocios e do alonxamento dos centros de decisión, sempre teremos un ollo aberto á esperanza de que o esforzo e a intelixencia son os nosos grandes aliados para continuar erguendo a nosa man ou o noso puño de raiba cando nos chegue outro batacazo.

Grazas por compartir con nós este día de honra, parabéns aos recoñecidos por este premio, que cada ano nos transcenderá como persoas pero sempre estará unido á memoria colectiva desta cidade nobre, ilustrada e agarimosa.

Moitas grazas. Viva Pontevedra!

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás 13:30 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e prace

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.